

## **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** CPI José García García-Mende

**CURSO:** 4º ESO

**MATERIA:** Xeografía e Historia

**DEPARTAMENTO:** Xeografía e Historia

**DATA:** 13 de maio de 2020

### **ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

# **1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES**

## 1ª AVALIACIÓN

Tema 1 – O SÉCULO XVIII. O DESPOTISMO ILUSTRADO

Tema 2- A ÉPOCA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS

Tema 3- A INDUSTRIALIZACIÓN

## 2ª AVALIACIÓN

Tema 4 - A ESPAÑA DO SÉCULO XIX: A CONSTRUCCIÓN DO RÉXIMEN LIBERAL

Tema 5 - INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX

Tema 6- A ÉPOCA DO IMPERIALISMO

- **En cada tema estase a repasar, recuperar e afondar nos contidos mínimos da programación que, nos devanditos temas, baseanse na consecución dos seguintes coñecementos:**

### TEMA 1:

- \* QUÉ É O ANTIGO RÉXIME
- \* O PENSAMENTO DA ILUSTRACIÓN
- \* A REVOLUCIÓN AMERICANA

### TEMA 2:

- \* CAUSAS E CONSECUENCIAS DA REVOLUCION FRANCESA
- \* A HERDANZA DA REVOLUCIÓN FRANCESA A NIVEL POLÍTICO, ECONOMICO E SOCIAL
- \* OS ENFRONTAMENTOS ENTRE O ABSOLUTISMO, O LIBERALISMO E O NACIONALISMO E AS SÚAS CONSECUENCIAS

### TEMA 3:

- \* CAUSAS E CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL
- \* CÓMO SE PRODUCE O TRIUNFO DO CAPITALISMO INDUSTRIAL
- \* COMO SE PRODUCE O CAMBIO SOCIAL: A NOVA DIVISIÓN DA SOCIEDADE E O NACEMENTO DOS NOVOS MOVEMENTOS SOCIAIS

### TEMA 4:

- \* A GUERRA DE INDEPENDENCIA
- \* PUNTOS IMPORTANTES DA CONSTITUCIÓN 1812
- \* GOYA: INNOVACIÓNS E OBRAS PRINCIPAIS
- \* COÑECEMENTO GLOBAL DOS REINADOS DE FERNANDO VII E ISABEL II
- \* O CONFLITO ENTRE ABSOLUTISTAS E LIBERAIS.

- \* QUÉ FOI A GLORIOSA REVOLUCIÓN
- \* DEFINICIÓN DE RESTAURACIÓN BORBÓNICA

#### TEMA 5:

- CÓMO FOI A REVOLUCION INDUSTRIAL EN ESPAÑA
- CONSECUENCIAS DESTA REVOLUCIÓN
- PIARES DESTA REVOLUCIÓN
- QUÉ CAMBIOS FORON PRODUCIDOS POLA REVOLUCIÓN
- MOVEMENTO OBREIRO

#### TEMA 6:

- CAUSAS DA EXPANSIÓN IMPERIALISTA
- AUXE DO CAPITALISMO
- CONSECUENCIAS DO COLONIALISMO

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

As avaliacións do alumnado fíxéronse empregando probas escritas (dúas por avaliación) e tarefas feitas no seu caderno de materia.

Para a avaliación final de este curso 2019-2020, o profesorado fará unha media entre as calificacións obtidas polo alumnado entre as dúas primeiras avaliacións, á cal se lle poderá sumar ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado por parte dos alumnos ao longo da terceira avaliación.

Nunca se poderá baixar a calificación xa obtida entre as dúas primeiras avaliacións.

O profesorado, ademais, propondrá toda unha serie de tarefas de recuperación a realizar no caderno do alumnado e que estas sexan enviadas ao correo electrónico do profesorado ou a Aula Virtual para que, aqueles alumnos que á altura da terceira avaliación teñan a materia suspensa, poidan recuperala a través da realización desas actividades.

No caso de aqueles alumnos que non conseguiran superar a materia no mes de xuño, propondráselles facer unha serie de actividades para que traballen os contidos mínimos da materia ao longo dos meses de verán. Esas actividades serán correxidas polo profesor nos primeiros días de setembro, co obxecto de comprobar si o alumno ten superada a asignatura.

Con respecto a aqueles alumnos que teñan a materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores, o profesorado propondrá ao alumnado a realización dunha serie de actividades no seu caderno , que serán enviadas polo alumnado ao correo electrónico ou a

Aula Virtual do profesorado, para que traballe os contidos mínimos da materia no nivel correspondente.

Esas actividades serán entregadas ao Xefe de departamento, e correxidas por él mesmo, na primeira quincena do mes de xuño ben de xeito presencial ou telemático segundo sexa o axeitado nese momento.

Aqueles alumnos que non entreguen as materias, ou non acaden o nivel esixido, terán a posibilidade de facelo en setembro.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO OU AMPLIACIÓN, SE É O CASO)**

Nos temas traballarase:

- 1- Coa lectura de textos e a resposta ás preguntas que se lles indican.
- 2- Visionado de videos de curta duración (15-20 minutos máximo) dos que teñen que reenviar un esquema, resumo...engadindo unha reflexión persoal
- 3- Usar o libro de texto para a realización de esquemas das páxinas indicadas e/ou contestar ás cuestións que se atopan en cada apartado do tema correspondente.

Estas tarefas son entregadas polo alumnado a través da Aula virtual.

O profesorado corrixe, engade anotacións e observacións, se é o caso. As tarefas que precisasen dalgunha modificación serán reenviadas ao alumnado para un novo repaso.

Todo o alumnado recibirá unha reflexión, un análise persoal do profesorado sobre as tarefas desenvoltas polos alumnos e alumnas ( tanto para afondar na súa motivación como para mellorar o seu traballo e rendemento)

### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

- A información ao alumnado e ás súas familias farase de xeito telemático utilizando a páxina web do centro e máis os correos electrónicos, tanto do profesorado coma dos alumnos.
- Esta modificación da programación, unha vez revisada e aprobada polas autoridades educativas será publicada na web do centro para a libre consulta tanto dos alumnos como das súas familias.